



Sabias Que...?



***Alternativa Sindical de Caixas de Aforros***

## **PROPOSTA ASCA OFICINAS HE**

Aínda que esta sección sindical non subscribe os enunciados que de parte manifestan na comunicación remitida a esta sección sindical, **en prol da responsabilidade, formulamos unha oferta sobre a base dos criterios usados pola empresa** na reunión previa ao inicio deste período, a saber:

- ✓ **unha maior simplicidade dos horarios de oficina.**
- ✓ **melloras no ámbito laboral.**

Polo que **propoñemos**:

1. **Mantemento dos horarios singulares existentes, (tanto laboral coma comercial) para o colectivo de persoas das oficinas de HE, a xeito de exemplo, horario de Nadal, Semana Santa, semana grande...**
2. **Homoxenizar en toda a Entidade o horario de verán e o horario de inverno, adoptando como período o que existe na actualidade, é dicir o horario de verán iría do 1 de Maio ao 30 de Setembro e o de inverno do 1 de outubro ao 30 de Abril.**
3. **Horario laboral das oficinas de HE no período de verán, será o mesmo que o actual para toda a entidade, é dicir de 8:00 h a 14:30 h.<sup>(1)</sup>**
4. **Horario laboral das oficinas de HE no período de inverno sería de 9H00' a 17H00' de Luns a Xoves, o Venres de 8:00h a 15:00h.**
5. **O horario laboral no período de inverno para o resto da entidade sería: Luns Martes, Mércores e Venres de 8:00h a 15:00h. Xoves de 8:00h a 17:30h.**
6. **Todos os días que se traballe ata as 17:00h, dispoñeráse de 1 hora para xantar, organizándose en oficinas o desfrute desta.**
7. **O horario comercial de apertura e peche das oficinas nunca poderá coincidir co laboral.**
8. **Aplicación do sistema de ascenso, dende o comezo na xornada de HE, de xeito que minore o tempo de ascenso na categoría que se está a consolidar nestes momentos.**
9. **Compensación as persoas de oficinas de HE, do mesmo xeito que as que fan horario partido en Servizos Centrais.**

<sup>(1)</sup> O mes de maio o horario será o actual, excepto para as oficinas de HE que terán o horario do período de inverno.

**Todo isto non implica por parte de ASCA acatamento ou renuncia algunha aos dereitos de impugnación xa en curso sobre a totalidade do proceso de regulación.**

*Tu opinión importa, hagnos chegar tus quejas y sugerencias*  
*ASCANCG@GMAIL.COM.*

*Vuestra Fuerza es Nuestra Fuerza.*